

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE ABRIL DE 2009

OCIHR

LICENZAS

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

LIC/2070/2008.- Devolución da fianza depositada por D. EDUARDO OTERO IGLESIAS, en garantía da licenza LIC/565/2008. O importe da fianza é de 1.200€.

LIC/2489/2008.- Devolución da fianza depositada por D. RAMON RICARDO BOO PUENTE, en garantía da licenza LIC/2207/2005. O importe da fianza é de 1.800€.

3.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 6.890 euros.

4.- Proxecto de equidistribución do solo urbanizable non programado número 13 (SUNP-13). Estrada da Estrada.

Apróbase definitivamente o proxecto.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do prezo xusto da parcela 14 do expediente expropiatorio do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo.

Apróbase o prezo xusto da parcela 14 quedando cifrado en 81.471,85 euros e confírmase a aprobación definitiva do proxecto de expropiación do Plan Parcial SUNP 22 Castro de Abaixo.

6 a 23.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de diversas exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios.

24.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á contratación do servizo de dirección facultativa superior e media das obras de reforma e acondicionamento de edificios da rede de centros socioculturais.

Adxudícase o servizo á empresa ATRIO ARQUITECTURA E URBANISMO, SC, por importe de 17.900 euros máis IVE.

25.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao inicio da contratación do servizo de adaptación adaptación da cartografía municipal a un modelo de datos para a súa transformación en formato GIS.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 30.172,41 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao inicio da contratación do servizo consistente en mudar da cartografía municipal escala 1:500 en formato CAD a formato GIS.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 56.034,48 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dun orzamento para gastos xerais de mantemento nos centros escolares.

Apróbase un orzamento para gastos xerais (traballos de albanelería, carpintería, electricidade, pintura...) de 18.000 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dun orzamento para gastos xerais de mantemento nas instalacións de fontanería nos centros escolares.

Apróbase un orzamento de 18.000 para traballos xerais de fontanería.

29.- Adxudicación definitiva da dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de ordenación funcional do núcleo de Canteira (San Lázaro).

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito servizo subscrito coa empresa PROYFE, SL, por importe de por importe de 33.500 euros máis IVE.

30.- Adxudicación definitiva da dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da rúa Curros Enríquez.

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito servizo subscrito coa empresa SEPIA TÉCNICOS, SL, por importe de por importe de 32.460 euros máis IVE

31.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación do programa COÑECENDO O PAÍS.

Apróbase un orzamento de 17.995 euros (máis 7% de IVE) para a realización do devandito programa.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do inicio da contratación das obras de reforzo do firme na vía pública M-28-V Mourentán.

Iniciáase o expediente para a contratación da devandita obra por procedemento negociado sen publicidade, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial do 25 de abril de 2008, establecéndose un tipo de licitación de 92.355,37 euros.

33.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade relativa á aceptación dunha subvención concedida polo INEGA.

Acéptase unha subvención de 16.132 euros do INEGA para a realización do proxecto de Aforro Enerxético para substitución de lámpadas de incandescencia por ópticas de leds en semáforos da cidade.

34.- Adxudicacións definitivas de diversas obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local.

- Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización da rúa Londes subscrito coa empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por importe de 29.260 euros máis IVE.

- Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización dun tramo da Avda. de Vilagarcía-García Prieto-Sánchez Freire, subscrito coa empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por importe de 22.705 euros máis IVE.

- Elévase a definitiva a adxudicación das obras de **ordenación funcional no núcleo de Canteira (San Lázaro)**, subscrito coa empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 893.458,96 euros máis IVE e un prazo de execución de 7 meses.

- Elévase a definitiva a adxudicación das obras de **urbanización da rúa Raiola**, subscrito coa empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 327.732,01 euros máis IVE e un prazo de execución de 5 meses.

- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato para a execución das obras incluídas no **proxecto de local para Protección Civil no Estadio de San Lázaro**, subscrito coa empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 306.452,06 euros máis IVE e un prazo de execución de 4 meses e medio.

- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato para a execución das **obras de renovación da rede de abastecemento e beirarrúas en Pontepedriña**, subscrito coa empresa AQUAGEST, SA, por importe de 456.487,07 euros máis IVE e un prazo de execución de 162 días.
- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato para a execución das **obras de reurbanización de beirarrúas en Meixonfrío**, subscrito coa empresa AQUAGEST, SA, por importe de 406.562,86 euros máis IVE e un prazo de execución de 162 días.
- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato para a execución das **obras de reurbanización de beirarrúas nas Cancelas**, subscrito coa empresa AQUAGEST, SA, por importe de 603.448,28 euros máis IVE e un prazo de execución de 189 días.
- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato para a execución das **obras de reparación da cuberta dos depósitos da Almaciga**, subscrito coa empresa AQUAGEST, SA, por importe de 332.212,92 euros máis IVE e un prazo de execución de 189 días.

35.- Dar conta da sinatura do Protocolo entre o Concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia para a construción do edificio destinado á Escola oficial de idiomas.

Dáse conta do convenio polo que o Concello cede unha parcela de 6.209 metros cadrados situada no SUP-5 polígono 2 para a construción do edificio da Escola Oficial de Idiomas.

36.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento.

Dáse conta do convenio.

URXENCIAS

- 1.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación do servizo de celebración da Festa dos Maiores 2009 por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 46.728,97 euros (máis 7% de IVE).